

## **PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 09-06-2026, ditou a resolución con número 1603/2026 que deseguido se transcribe:

### **RESOLUCIÓN**

**Corrección de erros materiais/de feito no Decreto de alcaldía número 1582/2026, polo que se aprobaron as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas do proceso de selección para o persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro Dual de Emprego “OBRADOIRO LUBIÁNS II”.**

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data 29 de maio de 2026, ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 1496/2026, pola que se aprobaron as bases xerais reguladoras da convocatoria pública e do proceso de selección para a provisión, como persoal funcionario interino, do persoal directivo, docente e de apoio para a execución do proxecto do Obradoiro Dual de Emprego “OBRADOIRO LUBIÁNS II”.

**Segundo.-** Mediante o Decreto da Alcaldía núm. 1582/2026, aprobáronse e fixéronse públicas as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas ao citado proceso de selección.

**Terceiro.-** Por parte da técnica responsable da área, púxose de manifesto a existencia dun erro material no contido da mencionada listaxe provisional, concretamente no que respecta á situación da aspirante María Isabel Blanco Nieto. Tras a revisión do expediente, constatouse que a citada persoa non procedeu ao pagamento das taxas de dereitos de exame esixidas nas bases da convocatoria, o cal constitúe unha causa de exclusión automática segundo o establecido na normativa aplicable e nas bases reguladoras do proceso.

Visto o que antecede,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Rectificar o erro material contido no Decreto da Alcaldía núm. 1582/2026, de xeito que a aspirante María Isabel Blanco Nieto pase a figurar na listaxe de persoas excluídas do proceso de selección para o persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro Dual de Emprego “OBRADOIRO LUBIÁNS II”, motivado pola falta de pagamento das taxas.

**Segundo.-** Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica, para coñecemento das persoas interesadas e a efectos da súa notificación.

#### **ANEXO**

##### **LISTAXE PROVISIONAL DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A**

Admitidos/as:

N.º	APELIDOS	NOME	DNI	NUM. REXISTRO	DATA REXISTRO
1	DIAZ COTELO	PABLO	**37363**	202699900004072	04/06/2026
2	PASTORIZA GARCIA	MARIA JOSE	**91847**	202699900004065	04/06/2026
3	VILLAR ALDAO	ALEJANDRO JOSE	**37300**	202699900004070	04/06/2026

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	NUM. REXISTRO	Data rexistro	CAUSA EXCLUSIÓN
1	BLANCO NIETO	MARIA ISABEL	**29854**	202600000003584	05/06/2026	2

**Motivos de exclusión (segundo o indicado nas bases):**

1. Presentación fora de prazo
2. Non pagar as taxas do proceso selectivo
3. Non cumpre o requisito de experiencia profesional mínima de 12 meses en postos relacionados.

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales